



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

ASISTENCIA PLENO

Alcalde:

Don Manuel Muíño Espasandín BNG

Concelleiros:

Don José Manuel Brenlla Castiñeira BNG
Dona Natalia Espasandín Pazos BNG
Dona Cristina Pardiñas Lorenzo BNG
Don David Rial Montes PP
Don José David Gómez Brandariz PP
Don José Martín Cundíns Suárez PP
Dona Sheila Rial Mata PSOE

Ausentes:

Dona María Pilar García García BNG
Don Germán Pérez Freire BNG
Don Manuel García Velo BNG

Secretaria:

Dona Isabel Outeiriño Sánchez

Interventora:

Dona Laura Rodríguez Arranz

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO DÍA 06.06.2025

En Zas, o día 06 de xuño de 2025, ás trece horas, reuníronse no salón de actos, habilitado para o efecto, baixo a presidencia do señor Alcalde don Manuel Muíño Espasandín, coa asistencia da Secretaria da Interventora e dos señores Concelleiros relacionados ao marxe; co obxecto de desenvolver unha sesión ordinaria do Pleno, en base á orde do día circulada e para o que foron legalmente convocados.

A señora secretaria verifica, que na primeira convocatoria existe quórum suficiente de constitución. Unha vez que a Presidencia abriu o acto, pasouse a tratar os asuntos comprendidos na orde do día.

PRIMEIRO.- Aprobación da acta da sesión anterior de data 28.03.2025

Sométese a votación a acta da sesión, e apróbase por unanimidade.

SEGUNDO.- Dación de conta dos Decretos ditados pola Alcaldía

O Sr. Alcalde dá conta dos Decretos da Alcaldía e o Pleno dáse por enterado.

TERCEIRO.- Dación de conta das obrigas trimestrais (1º trimestre 2025)

O Pleno dáse por enterado.

CUARTO.- Dación de conta do período medio de pago do 1º trimestre 2025

O Pleno dáse por enterado.

QUINTO.- Dación de conta da liquidación do orzamento 2024.

Dáse conta da liquidación do orzamento municipal do ano 2024, e o Pleno dáse por enterado.

SEXTO.- Dación de conta do informe da intervención emitido de acordo co artigo 15.6 e 28 do R.D. 424/2017.

Dáse conta do informe emitido pola intervención municipal relativo aos artigos 15.6 e 28 do R.D. 424/2017 e o Pleno dáse por enterado.

SÉTIMO.- Festivos locais do Concello de Zas para o ano 2026.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

O Sr. Alcalde explica brevemente a proposta sometida ó Pleno e posteriormente dá lectura á mesma.

"PROPOSTA DE ALCALDÍA Ó PLENO DA CORPORACIÓN

D. Manuel Muñiño Espasandín, Alcalde do Concello de Zas.

Á vista de que é preciso remitir a proposta dos festivos locais do Concello de Zas para o ano 2026, co obxecto de proceder á elaboración do calendario laboral para a provincia de A Coruña, cumprindo o establecido nos artigos 37.2 do Estatuto dos Traballadores na súa redacción dada polo Real Decreto Lexislativo 2/2015 do 23 de outubro e os artigos 45 e 46 do Real Decreto 2001/1983 do 28 de xullo, propoño a adopción do seguinte ACORDO :

1.-Sinalar como festivos locais, co carácter de inhábiles, retribuídos e non recuperables para o exercicio do 2026, os seguintes:

- *10 de xullo de 2026, San Cristobal*
- *16 de xullo de 2026, Festividade da Virxe do Camen*

2.-Remitir copia do presente acordo ao Servicio de Emprego, Relacións Laborais, Traballo Autónomo e Economía Social da Coruña, aos efectos oportunos."

Sometido a votación, apróbase por unanimidade dos presentes (4 votos a favor do BNG, 3 votos a favor do PP e 1 voto a favor do PSOE) o seguinte ACORDO,

1.-Sinalar como festivos locais, co carácter de inhábiles, retribuídos e non recuperables para o exercicio do 2026, os seguintes:

- *10 de xullo de 2026, San Cristobal*
- *16 de xullo de 2026, Festividade da Virxe do Camen*

2.-Remitir copia do presente acordo ao Servicio de Emprego, Relacións Laborais, Traballo Autónomo e Economía Social da Coruña, aos efectos oportunos

OITAVO.- MOCIÓN DE URXENCIA

O Sr. Alcalde explica a urxencia, xustificando que sexa tratado nesta sesión a realización dunha declaración institucional polo acontecido nos últimos días na franxa de Gaza.

Sometida a votación a urxencia, acórdase a mesma por unanimidade dos presentes (4 votos a favor do BNG, 3 votos a favor do PP e 1 voto a favor do PSOE).

O Sr. Alcalde propón a aprobación da seguinte declaración institucional,

"PRIMEIRO.- *Condenar o xenocidio israelí, pedindo que se poña fin a limpeza étnica que se está a levar a cabo en Gaza.*

SEGUNDO.- *Solicitar á Unión Europea que se impoñan sancións económicas ó estado de Israel mentres non cese o xenocidio sobre os palestinos."*

O Pleno do Concello de Zas, por unanimidade dos presentes, (4 votos a favor do BNG, 3 votos a favor do PP e 1 voto a favor do PSOE) adopta a seguinte declaración institucional:

PRIMEIRO.- *Condenar o xenocidio israelí, pedindo que se poña fin a limpeza étnica que se está a levar a cabo en Gaza.*



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

SEGUNDO.- Solicitar á Unión Europea que se impoñan sancións económicas ó estado de Israel mentres non cese o xenocidio sobre os palestinos.

NOVENO.- Rogos e preguntas

Toma a palabra o voceiro do PP e formula os seguintes rogos:

- Solicitamos o pintados dos vaos en Baio e da carreteira que vai dende A Piolla a Brandomil.
- Solicitamos a mellora da carreteira que vai dende o Couto a Vilar.

O voceiro do PP formula as seguintes preguntas:

- Cando van a estar listos os orzamentos para o 2025?
- Cando vai a estar lista a RPT?
- Cal é o importe do contrato con Feirauto?
- Vanse tomar medidas polas denuncias dos veciños de Mira, con relación a que as empresas forestais deixaron en mal estado os camiños da zona?
- Vaise contratar algunha empresa para desbrozar este verán?

Toma a palabra a voceira do PSOE e formula os seguintes rogos:

- Rogamos se coloque un espello en Meanos.
- Rogamos se coloque un espello en Andreagalla.
- Rogamos se mellore a carreteira da Braña as Pereiras, pois ten moitos baches.

A voceira do PSOE pasa a formular as seguintes preguntas:

- En que estado se atopa a tramitación da RPT?
- Por que non houbo pleno o venres pasado?
- Como se atopa o tema das motos clásicas?
- Como se van a levar a cabo os desbroces este verán?. Realizaranse polos operarios municipais ou por unha empresa contratada polo Concello?
- Cales son as actividades preparadas polo Concello para o verán?
- Vanse tomar medidas polas denuncias dos veciños de Mira, con relación a que as empresas forestais deixaron en mal estado os camiños da zona?.
- Como se atopa o tema dos contedores de Baio?.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, e formula as seguintes respostas:

- Con relación aos rogos formulados polo PP se aceptan e intentarase dar cumprimento aos mesmos.
- Con relación ao orzamento, esperamos poder pasalos en 1 semana ou 15 días.
- Con relación á tramitación da RPT, esperamos poder negociar cos sindicatos en breve.
- Con relación ao contrato de Feirauto o importe era de 5.700 euros aproximadamente.
- Con relación aos danos das empresas forestais, estamos ao tanto, e haberá que falar con elas para que repoñan os danos, pero é difícil, porque se non os colles no momento que causan o dano, din que non foron elas.
- Con relación aos desbroces, normalmente contratamos a un par de empresas, porque a xente do Concello non e suficiente e tamén teñen que atender ás obras.
- Con relación ao espello de Meanos, fronte ao colexio, intentaremos poñelo.
- Con relación ao espello de Andreagalla no camiño do cámping, tómake nota da petición, pero alí xa hai espellos, así que se revisarán.
- Con relación á RPT, como xa comentei, esperamos negociar cos sindicatos en breve.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

- O Pleno retrasouse por causas organizativas, trátase dunha facultade da alcaldía e non causou ningún trastorno.
- Aplazouse o evento das motos clásicas, porque ao non dispoñer de seguro a Xunta non nos daba autorización.
- Con relación ao tema do desbroce xa o comentamos antes.
- Este verán organizamos actividades variadas, pero as publicaremos un pouco máis adiante.
- Con relación ás pistas forestais e os danos causados polas empresas de corta, xa contestei antes a pregunta.
- Por último con relación aos contedores de Baio, xa se inutilizaron pero falta que se selen definitivamente.

Non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde da por terminado o acto, ás 13.26 horas do día da data, do que se estende a presente acta, que eu, a secretaria, certifico e asino, autorizando a mesma, xunto co señor Alcalde.

En Zas,

A Secretaria

Isabel Outeiriño Sánchez

VºPr.

O Alcalde,

Manuel Muíño Espasandín